

Redacción:
SEGREDARIA GALEGA
Av. 14 de Abril, 244
BARCELONA

NOVA GALIZA

BOLETIN QUINCENAL DOS ESCRITORES GALEGOS ANTIFEIXISTES

Ao paso do tempo

Apaz... e o dereito

A traxedia de Euzkadi, culminando en Bilbao, foi a espantosa e sinistra demostración de algo que moitas xentes parecían aínda inorar ou poñer en dúbida. «Algo haberá de certo, mais non será tanto», marmulaban con ollos pícaros ou quizais faguéndose os parvos, cando se falaba da descarada guerra de conquista que o feixismo internacional desencadea contra o pobo hespañol. Presuntos inocentes, ou verdadeiros nefelibatas, non teñen agora mais remedio que descer das nubes en que tan ben repousan, para recoñecer dous feitos que eran xa mais de bulto que un burro a catro pasos: d'unha banda o cinismo das potencias feixistas invasoras; d'outra a pasividade dos países democráticos, que parecen querer deixarse ensarillar...

Hay algo que xa non ten volta: a conquista de Bilbao non é unha victoria dos facciosos, senon un acto de rapiña perpetrado e levado ate o remate por Alemaña e Italia, cuíus avións tiveron, ademais, o paso franco por onde os nosos non podían voar...

Alemaña atribúese o «feito de armas», dándolle o carácter d'unha epopeia nazonal — ou «nazi». Italia fai o mesmo, conferindo ese «honor» aos Frechas Negras. A prensa italiana e alemana, perdido xa todo recato, declaran a berros — por si aínda quedan xordos — o que tanto traballo nos custaba fagner creer en Londres e Xinebra. Pero aínda non sabemos si darán creto aos mesmos infractores do famoso pacto. A xordeira é cousa teimosa e, oxe en día, hai frases para todo, mesmo para inorar oficialmente o pau que malla na cabeza.

Por outra parte Alemaña, posta a engadir fíos á rede das mentiras, toma a dianteira, e denantes de mallar, queixase ou alporízase por supostas afrontas. (A villanía fíxose unha técnica.)

Entre Almería e Bilbao o asunto do «Leipzig» denota unha actitude de «descuberto encubrimiento», de trampa descarada como lei de xogo, que só podería ser desbaratada si o sector internacional antifeixista esnaquiza as máscaras e toma a decisión enérxica de non tolerar endiante a mais pequena intromisión de Hitler e Mussolini na guerra hespañola.

O debate político de Londres mantivo esta idea esencial: confinar na Hespaña a guerra hespañola, ou, d'outro xeito: impedir que a nosa guerra civil desborde dos lindeiros nazonales. Mais, ¿pódese lograr isto sen poñer denantes couto a intervención — oxe aberta e descarada — dos feixismos de Italia e de Alemaña? Xa non se conforman con se atribuíren vitorias... Encol d'elas comenzan a teceren a trama impoñente d'unha provocación internacional.

Así o presentiron os obreiros alemans. O cañoneo de Almería fíxo cundir entre eles un escalofrío: «¿É a guerra?». Decesete navíos de primeira magnitude — casi toda a forza naval de Hit-

POR ONDE ELES PASAN...

por Castelao



¡Cobardes! ¡Asesinos!

¡Cobardes! ¡Asesinos!

ler — fan ostentación no Mediterráneo... A prensa nazi acrecenta a intensidade das súas campañas contra a Unión Soviética; Von Neurath ten un brusco trasacordo e desiste do seu anuncio de viaxe a Londres; Alemaña, de par de Italia, abandona o control das costas hespañolas, pero declara ao mesmo tempo — de novo o asunto do «Leipzig» — que ela mesma adoptará pol-a súa conta medidas de seguridade para «protexer» os seus barcos...

Italia non deixa de mandar homes e material de guerra; secunda cada vez mais ostensiblemente as posicións internacionais do Reich; e Roberto Farinacci, que non é un calquera, senon un membro do Gran Consello Feixista, eisixe a ruptura de Italia con Franca e Inglaterra, «represalias» enérxicas contra o Goberno de Valenza, e remata afirmando que «non hai mais solución que a guerra».

Desde logo nin Alemaña nin Italia dan estado oficial a semellante «solución». Pero non nos deixemos engaiolar. O oficial nos

países feixistas e o que menos conta... E non hai que esquecer, en troques, que o sostimento da aventura guerreira na Hespaña é un luxo demasiado caro, cada día mais caro..., de cuíus gastos non se resían a non se desquitaren. Hai que engadir que a desastrosa situación económica de Italia e Alemaña obriga aos dous feixismos consortes a buscar n'unha ousadía extrema un extremo remedio...

¿Cal e, en presenza destes feitos, o pensamento das potencias democráticas? O hourizonte e aínda indeciso, bretemoso.

Jouhaux ven de declarar na Cámara francesa:

«Si de verdade se quer defender a paz e a Hespaña, e preciso que nós conquiramos a nosa liberdade. A defensa da paz eisixe este prezo. Calquera outra consideración, calquera outra actitude, levaríanos á guerra fatalmente. Non queremos a guerra. Quere-mos a paz co trunfo das democracias.»

Nós tamén... Pero a paz do mundo non se conseguirá sen a

paz da Hespaña. E xa teríamos a paz si o coraxe do pobo en armas para o rescate dos seus foros legalmente instaurados, non houbera topado criminal estorbo nas armas do feixismo internacional, e insospitados «entorpecimentos» pol-a parte das potencias antifeixistas.

Co enredoso formalismo d'esas potencias, coa súa lentitude — que houberan desmoralizado a calquer pobo, reducindo a cinzas a súa fé na forza do dereito — contrasta o oustinado heroísmo dos nosos combatentes. Ate as liñas de combate non chega o escepticismo. E toda Hespaña é oxe, nun sentido ou n'outro, premeira liña...

Mais que se embrullen os pactos, se negue a luz do día e xa non haxa verba sen dobrez ali onde falan as «potencias», o dereito eisiste, a luz do día eisiste, e ao fin a maior vitoria dos nosos héroes — a decisiva — será abrir os ollos do mundo, despertalo a forza de fé, de valentía e sacrificio, quen-tarlle de novo o corazón...

Refleicións

No primeiro aniversario do Plebiscito do Estatuto de Galiza

Por Ramón SUÁREZ PICALLO

¡28 de xunio do 1936! A data téñ pra Galiza o valor de unha efeméride. Cicais a efeméride de mais forte contido político, social i-espiritual, d'ende a perda da nosa personalidade nacional. N'esa data, mais de un millón de galegos, residentes na Terra, e diseminados baixo todol-os ceos do mundo, afirmaron o propósito de facer de Galiza unha patria nova, culta, rica e ceibe, dentro da comunidade hispánica, baixo a eixida da República hespañola. O noso pobo, en uso do dereito que lle concedía a Constitución republicana i-en función do deber que lle impón o seu carácter de comunidade nacional fortemente diferenciada, aprobou n'un magno plebiscito o Estatuto autonómico de Galiza. Todal-as zonas do vivir galego — o traballo do mar e da terra, a cultura en total-as súas manifestacións, o pensamento i-as ideas novas nos seus múltiples matices — atopáronse aquel día enroscadas no mesmo vieiro: A autonomía de Galiza i-a carta estatutaria que lle daba cauce e norma. Houbo unha eiscepción: os elementos reaccionarios, que por sel-o, foron sempre alleos a Galiza i-o seu espírito. Por cobardía, non se estreveron d'aquela a facerlle frente ás forzas populares. Rosmaron pol-o baixo agardando intres mellores. Os intres chegaronlles o 20 de xulio. Saliron das súas toupeiras e lanzaron por todol-os camiños de Galiza os retoños sinistros de Caín o fraticida pra que asesinasen a Galiza, renacida n'unha mañán de San Xohan. A caste maldita matou, roubou, queimou, aplastou, submeteu, acoitelou o corpo físico de Galiza e dos seus fillos millores; mais o espírito que cantou súa alborada de esperanza e de fé o 28 de San Xohan, queda en pé, inmarcescible, porque é inmorredoi-ro. Frol inxel, regada con quente sangue de mártires, dará policromía e recendo na próxima primavera.

Oxe, dende a lonxanía, onde arrastramos a nosa amargura e regamos con zume de door a nosa esperanza, adicámolle á data estas liñas que queren ser lembranza, reflexión e afirmación, ao par que ofrenda devota aos forxadores da grande xornada, caídos cando o gran empeño ía ser belida realidade. ¡Loubor á súa sagra memoria!

A campaña estatutista i-os problemas de Galiza

A campaña de propaganda que precedeu ó plebiscito, tanto pol-a súa intensidade coma pol-o seu contido, non ten precedente nin en Galiza nin en ningunha outra rexión española. A sensibilidade galega, dimpois de catro séculos de embotamento, foi despertada

dende todol-os puntos : os problemas económicos e técnicos da terra e do mar, de imposíbel solución no réximen centralista ; os múltiples aspectos da cultura e do arte propios, sempre descoñecidos ; as posibilidades inmensas de facer de Galiza unha democracia social eixeplar sin caciques zafios ; as bases de unha economía florecente pras que ten Galiza múltiples fontes inéditas ; o anxeio de dignificar a vida pública pol-a intervención directa do pobo, das súas xentes mozas, cultas e puras, na xestión política e administrativa ; o desexo de que os nosos mozos deran os seus esforzos á propia terra sen ir mais nunca a ganar o pan a estranas terras ; a seguridade de que en Galiza, n'un réximen novo total-as ideas, aínda as mais desatendidas, habían de desenrolarse n'un ambiente de respecto e de civilidade fraternal. Tales foron os temas, tratados a fondo, como endexamais se trataron, que inspiraron aquela campaña. Con cifras, con moitas cifras, eispresión aritmética da nosa pasada esclavitude e poema cifrado da nosa futura liberdade. Poucas veces — ¡ouh eixeplar vida e morte de Alexandro Bóveda! — as matemáticas alcanzaron tan grande valor emocional i-eispresivo. Milleiros de mitins e conferencias, a cargo de oradores dos matices mais varios : obreiros manuales a veira dos estudantes ; mariñeiros e mestres de escola mesturados con artistas e profesores da Universidade ; mozos campesiños i-escritores en xuntanza fraterna. Comunistas, galeguistas, sindicalistas e republicanos de todol-os partidos, collidos do brazo, percorreron estradas e corredoiras, carreiros do val e da montaña na Cruzada Nova. Millons de follas impresas. Millons de carteis con verbas dos poetas, dos precursores e dos novos valores. Auditorios inmensos, ávidos de coñecer a fondo total-as custións. O pobo galego n'un pulo xigante puxo os nervios en tensión disposto a romper o groso calabrote catrosecular que o ataba a un pasado de miseria física e moral. Por eso a xornada plebiscitaria tivo o carácter d'unha Festa cívica. A festa esperanzada de abrir os cimentos d'unha inxente construción. A creación d'unha ferramenta nova do tringue, pra poñer na man de un pobo estremeado de anxeios creadores, disposto a remozar o vello Fogar de Breogán de que fala o Bardo. ¿Puido morrer todo aquilo? Non. Aquelo vive e vivirá sempre. Porque aquilo non foi un feito esporádico, circunstancial, arbitrario na vida do noso país. Aquelo foi o fito histórico d'unha comunidade humana, que non poden borrar ningunhas forzas militares traidoras a súa patria, nin asesinar falanxes de alleiros e de descastados, nin aterrorizar ningún Estado totalitario, aínda no caso de trunfar de momento. Aquela sementeira, regada con sangue xenerosa, terá o seu xermolar.

A autonomía de Galiza i-o Frente Popular

O ideal da galeguidade concretado na autodeterminación política de Galiza, que fora sentimento lírico nos poetas precursores, sedimento cultural i-anxeio investigador nos continuadores, convertiuse n'unha forte corrente política e social nos novos espritos. Acolledor de total-as ideas influíu canto en Galiza significaba arela

Os novos símbolos da Nova Galiza



Non hai para qué decir que a un novo réxime correspóndenlle novos emblemas porque os símbolos tradicionais non se axeitaban ben á nova concepción da vida política ou simplemente por un afán de renovo todo. Galiza vai sentir este afán e compre contar o posible mal gosto de calquera improvisación. Imos, pois, a falar da bandeira e do escudo de Galiza, sometendo o noso parecer á consideración dos galegos antifetixistas.

Lémbrome de que nas longas discusións que na nosa Terra se promoveron encol da bandeira tradicional de Galiza, ninguén acertou a demostrar cómo era e cómo eran as súas coores. Somen-

tes os que calábamos sabíamos que a bandeira tradicional nin era branca coa cruz de Sant-Iago no centro nin era azul e branca. A bandeira galega (ímolo decir agora por primeira vez) era bermella cun cáliz no centro. Así aparece, pol-o menos, nun dos cartóns que pintou Durero para os tapices de Maximiliano.

Agora ben, a bandeira que coñecen os galegos foi inventada por Murguía e foi adoptada pol-os galeguistas, que lle trocaron o azul celeste en azul ultramar. Non está de máis asegurar que non era bandeira de partido senon bandeira nacional. O partido engadía unha estrela roxa como o Axuntamento compostelán lle engadía a cruz de Sant-Iago ou calisquera católico lle engadía o cáliz.

A bandeira pode ser a mesma de agora, trocándolle definitivamente o azul celeste do tempo de Murguía no azul ultramar que se adoptou nos tempos da loita autonomista. Foi, e debe ser, un símbolo de paz e de liberdade. Esta bandeira, tan combatida pol-os monárquicos galegos, está consagrada pol-o pensamento derradeiro de moitos mártires e todol-os galegos levámola xa no noso corazón.

O escudo tradicional debe trocarse por outro. Seríamos parvos

se creésemos que pode subsistir dispois da guerra o escudo tradicional de Galiza co seu emblema eucarístico, pois aínda que lle atribuísemos unha outísimasígnificación poética, identificando-o co Santo Graal, non sería respectado pol-os sobreviventes galegos dispois do sacrílego proceder da Eirexa católica no noso país. Acatemos, pois, a realidade e criemos o novo escudo.

O dibuxo que acompaña estas liñas pode aforrar toda explicación ; pero non estará de máis unha defensa anticipada deste proxecto.

O emblema comunista — fouce e martelo cruzados — que representa a unión dos obreiros e campesiños atrai a nosa atención, porque quixéramos dar con un símbolo igualmente afortunado que representase a unión dos labregos e mariñeiros de Galiza. ¿Cruzar unha fouce cunha angla? Sería un plaxio desafortunado. Tamén se poderían cruzar dous froitos do traballo galego. ¿Un peixe e unha espiga? Resulta antiartístico. Sería preferible recurrir aos emblemas tradicionais que lembran a grandeza espiritual ou social de Galiza. Fixen probas para combinar a estrela coa cuncha e aparte de non deixarme satisfeito resultaba unha rememoración das pele-

rinaxes xacobeas e non un recordo da nosa universalidade.

Se os nacionalsocialistas alemáns — co gallo de considerárense arios — non roubaran para si a «icuriña» vasca teríamos nós un emblema xenuinamente galego : a esvástica de tres brazos curvos encerrada no círculo, ou trisquele, que representaría o sol — pai de toda fecundidade —. A esvástica dos alemáns, cos brazos dobrados en ángulo recto, xa non é aia senón adaptación dun vello emblema cruciforme ao cristianismo. Na Europa somentes os vascos tiñan dereito a usar este símbolo — por ser tradicional en Euzkadi — e usárono moito antes que os alemáns como distintivo nacionalista. A esvástica galega, que tan arreo aparece na época castrexa e que pol-o tanto é celta, sería un xurdio emblema nacional para Galiza. Os alemáns roubaron a «icuriña» vasca e fixeron imposible o «trisquele» galego.

Non-os quedaba máis que a fouce de ouro sobor dun fondo azul e a estrela bermella, como emblemas do Traballo e da Liberdade. Ourelando o escudo compría deixar patente o martirio de Galiza. E a sirea, que pertence á heráldica galega, como símbolo mariño que fale do engado atlántico, orixe das nosas aventuras.

Ren máis. E perdoádeme que aborde este tema con tanta anticipación. Cicais sexa por esquecer as angurias presentes.

CASTELAO

de superación. E conste que decimos galeguidade, e non galeguismo, pra significar a súa extensión a todas as forzas políticas, sociais e culturais que vivían na nosa terra, mais aló de toda fronteira partidista. En xaneiro do 1934, a un mes de iniciado o bienio negro, moito antes de que xurdira na Hespaña e no mundo a idea do Frente Popular, unha asamblea galeguista celebrada en Ourense facía unha declaración que era un chamamento a total-as forzas políticas, republicanas e obreiras para unha colaboración conxunta, cuya primeira consigna era a autonomía de Galiza. Os periódicos *A Nosa Terra*, *Claridad* e *Ser*; *O País*, de Pontevedra ; *J R*, de Ferrol, e outros, consagráronse a proclamar a súa necesidade en horas ben duras e tristes. Por eso, cando o Frente Popular foi un feito en toda Hespaña, xa facía tempo que existía tácitamente en Galiza. Galiza intuíu o 16 de febreiro que o trunfo do Frente Popular era o trunfo da súa autonomía. Por eso trunfou o Frente Popular, alí onde o pobo puido eispresar a súa vontade.

A parte do seu programa nacional, maravillosamente apto no setenta por cen dos seus puntos, pra ser aplicado á morfología económica-social de Galiza, tiña na nosa terra un novo e poderoso factor de avencellamento : o desexo eispresado por todas as forzas que o integraban, de conquistar a autonomía. De ahí que a xornada estatutista — aínda mais que a do 16 de febreiro — e os poucos

días que lle seguiron (até que foi consumada a mouro traición que enloita i-ensangrenta a patria) consagrasen para sempre o Frente Popular en Galiza como única forza chamada a construír a grande obra projectada.

Non é de oxe este pensamento noso. E de sempre, d'ende o mesmo intre en que a Revolución abriu o seu primeiro capítulo aló pol-o 1917 ; pensamento acentuado cando Galiza se dispoñía a iniciar a súa nova vida ; pensamento feito carne e sangue, única esperanza nosa para oxe e para mañán, pra soerguela da súa actual desventura. E tamén pra facer a xustiza, ineisorable, que d'ende Alén reclaman os nosos mortos benamados, caídos en suprema comunidade de martirio. Frente Popular para oxe, para mañán e para sempre, arrequeado con novas forzas — indiferentes na hora do plebiscito — dispostas agora a participar na reconstrución do fogar común desfeito. Frente Popular da Liberdade da nosa patria galega, de grandes horizontes, de ilimitada cordialidade, sin reservas e sin resquemores, sin miudas inxustizas, soerguendo o corazón pra que pasen por debaixo, sin tocarlle, as pequenas cousas inherentes á nosa condición humana ; buscando, con afincado e xeneroso tesón todo canto poida unir total-as nosas virtudes creadoras que as hai en toda criatura. ¡Como n'aqueles días esperanzados, de trementes emocións, precursores do 16 de febreiro e do 28 do San Xohán do 1936!

As posibilidades do noso Estatuto despois da guerra

O Estatuto que o País Galego plebiscitou, presentado ás Cortes dous días antes do traidor golpe militar, é un documento breve, sobrio, conciso e fleisíbel. Denantes de chegar á súa formación definitiva pasou por múltiples etapas e tivo moitas e mui varias fontes. Servíronlle de base cinco proxectos distintos e a súa comisión redactora abriu unha información pública por espacio de varios meses durante a cual recolleu i-estudiou total-as enmendas que quixeron facerlle directamente os galegos de todo o mundo. E un índice mínimo de coincidencias e de posibilidades, froito de un anxeio de colaboración roto na aitalidade por quenes debían ter máis interés en mantela. Emporeso sigue sendo marco apto pro vivir futuro de Galiza, aínda despois da tremenda convulsión actual. Todos os avances democráticos, todos os esperimentos sociais, d'ende as colectivizacións deica a nova xustiza, feitos ou intentados até oxe na Hespaña da Democracia e da Revolución, poden desenrolarse — adaptados á nosa morfología peculiar — dentro do marco do Estatuto galego.

Repoblación forestal pol-a vía colectivista ; Banco Popular Galego encargado de canalizar o noso aforro de Galiza e de América ; socialización da gran industria pesqueira ; colectivización pol-a vía do cooperativismo da economía agropecuaria ; socialización da forza dos nosos ríos e das nosas fontes mi-

neiro medicinales ; confiscacións punitivas das grandes riquezas dos traidores ; democracia popular directa, con iniciativa, referendum e recall ; municipio comarcal libre sobre a base da parroquia rural en réximen de concello aberto ; municipalización ou nacionalización de servizos públicos ; cultura nova en todas as súas manifestacións. Escolas de orientación profesional e de outros estudos económicos ; xustiza popular, rápida e gratuita, son problemas previstos e normados na nosa Carta autonómica. — Salvo miudas modificacións reglamentarias, todo o seu contido é útil. A eisperencia actual — dura eisperencia — servirá para engadirlle cousas, xurdidas das circunstancias, tendentes a facer mais grande o continente, dándolle mais cabida ó contido.

Os que nun mañán — que desexamos afervoadamente sexa o mais próximo posíbel — teñan a outa misión de dirixir a vida pública do noso país galego, atoparán n'aquel Estatuto e nos temas tratados ó seu redor, unha fonte caudalosa de orientacións e un índice de outos e nobels propósitos. Esa será a maisima e única gloria, dos que lle consagramos o mais puro da nosa vida, xa para sempre entebrecida i-amargurada —. E ese será tamén o máximo que merecen os nosos hérois vivos i-os nosos mártires mortos. ¡Que os esforzos de uns i-o martirio dos outros non sexan estériles! Eis a consigna i-a afirmación no primeiro aniversario da grande efemérides.

Onde eles mandan

Estampa da Coruña baixo o terror feixista

Están diante de nós dous «evadidos» da Coruña. Queremos ler na súa face ou ver a través d'ela cómo é Galiza baixo a espantable opresión feixista, e só conseguimos descubrir un xesto crepuscular, indeciso, no que se funden a tristura das lembranzas coa sorpresa e ledicia de estar en salvo, como si fosen naufragos recolleitos por un gran navío n'unha illa salvaxe. Estaban tan afeitos a ollaren a tiranía i a descubrir por todas partes na nosa terra, a súa impronta sanguinaria e zurda, que no primeiro intre non saben qué contar. O recordo e un : Galiza atropellada, ferida na súa carne e na súa dignidade, mergullada no fondo d'un oustinado pesadelo... O fondo do cadro é tan sinistro e ensaríllanse n'el tantos episodios — ¡todol-os días, a total-as horas!... — que na memoria do que ven d'alá todo se xunta, como milleiros de salaios n'un clamor, ou como mil silenzos n'un silencio único... Pero as nosas preguntas van traugando feitos á xerfa da atención.

— Non poña os nosos nomes — dí un —. Quedan alá parentes... — ¡Ou que os poña! — dí outro, no pulo de responder do seu testimoño co seu nome...

— Perdede coidado — decimos nos —. Non daremos aos feixistas ese gusto. (Rien os dous). ¿Cómo conseguístedes fuxir d'alá?

— Como outros moitos... Cada día é mais difícil. Vixían moito as motoras...

(Aquí fan o relato da súa evasión, unha pequena novela d'aventuras que pasa ao noso archivo... Algún día quizais xurdirá unha intrincada novelística co tema dos evadidos galegos — e o tema trágico de tantos que ficaron para sempre nos lindeiros da liberdade...).

Da nosa conversa con estes dous rapaces quedannos antre as mans unhas notas rápidamente recolleitas, que agora, sen ouvir a voz d'eles, parécennos mais fúnebres...

— Sí, o xeneral Caridad Pita era un home valente, un home honrado. O xeneral de división Salcedo, días antes do levante militar, déralle orden de visitar día e noite os cuarteles da Coruña. Un día — o da sublevación — Caridad Pita chegou ao cuartel d'Atocha ás once da mañán. Ao entrar no cuarto de bandeiras, o coronel do Reximento, Martín Alonso, asegundado por varios oficiais, envidouno a sublevarse. Negouse en redondo e pechárono n'un calabozo co seu axudante — comandante Goizueta —. Alí tiveron dez días. Despois levárono ao castelo de San Felipe, no Ferrol. Veu o consello de guerra. Con Caridad Pita comparecían tamén como procesados o xeneral Salcedo i o coronel d'artillería Torrado. De nada valeu o empeño que puxo o instrutor da causa — ex-xeneral Feixóo — para evitar a inxustiza... Os dous xenerais — Salcedo e Caridad Pita — foron condenados a morte. O coronel a quince anos de presidio. Amigos e parentes andiveron a ir e vir — Salamanca, Burgos,

Sevilla... — a pedir o indulto. O xeneral auditor de Burgos chegou a se expresar así, para aforralles aquel traballo : « — Caridad Pita é inocente... En boa lei non se lle pode culpar de nada. Pero hai que fusilalo por motivos de «alta política» —. E o nove de novembro foi fusilado nos fosos do Castelo. Toda a Coruña conmoveuse con esta morte...

O caso de Rupilanchas... Douscentos feixistas andaban, dende o primeiro intre, en procura do deputado socialista Rupilanchas. Non daban co seu refuxio. Ao fin viñeron a saber que estivera agachado na casa d'unha pescadora do Muro. Detivérona. Golpeárona deica deixala sen sentido. Catro ou cinco veces máis, n'outros tantos días repetiron o suplicio. A muller resistía. Ao fin, entolecida coa door, dou indizos — o que sabía — que permitiron aos feixistas, a través d'unha cadea de vinte detencións (persoas acusadas de protexer a Rupilanchas), dar co paradeiro d'este. Topárono unha noite n'unha casa do barrio da Ponte do Pasaxe. A culatazos e a patadas levárono os civiles ao Cuartel d'Atocha. Dezesete homes e tres mulleres, acusados d'habelo acobeixado, entraron tamén nos calabozos.

O consello de guerra... ¡Acúsase a Rupilanchas de ter botado un discurso «laico» no Congreso! Deféndese él — non quixera nomear defensor — e defende tamén aos outros encartados. O seu informe, cálido, baril, cheo de enerxía e de mesura, crarísimo de razóns, deixaba pequenos, podres, aos verdugos... Todo o convencemento e toda a simpatía dos que aínda son capaces d'estimar a un home estaban da súa parte... Ao remate daquela rafea de verdades, rachou a toga e os seus vestidos interiores e descubriu o peito, a espalda, os brazos... O público rompeu n'un berro súpito d'horror. O que vía non era corpo de home, era unha pura chaga, unha codia de sangue e de feridas. «¡Matarédesme, pero saberá o mundo inteiro como torturades, como queimades as carnes aos que caen nas vosas mans! ¡Todo o meu desprezo para vos, asesinos, vergonza d'un país civilizado!»

Non o deixaron rematar. Guardias e falanxistas, como cans da rabia, botáronse enriba d'el e arrastrárono fora do salón, mentras outros espaxaban a xente a sablazos... O mesmo día firmáronse as vinte sentenzas de morte contra os encartados no «proceso Rupilanchas».

¿Asesinatos así? Moitísimos. Non daríamos rematado. A don Xosé Miñones, deputado d'Unión Republicana, abondoulle socorrer c'uns anacos de pan a uns correligionarios — que andaban a fuxir dos falanxistas e levaban dous días sen comer — para «merecer» a morte. Unha patrulla sorprendeu no «ese acto». Procesárono. Oito días despois era fusilado no Campo da Punta. Non morreu da descarga do piquete. Déronlle tres tiros de gracia e aínda tivo folgos para erguerse do chan, manando sangue, e chamalos, n'un berro derradeiro, pol-o seu nome... ¡Asesinos!

O que se conta de Villaverde (o «leader» sindicalista) é ben certo. Ao detelo ofrecéronlle a dirección dos grupos de Falanxe. (Querían mercarlle a popularidade...) A resposta de Villaverde foi cuspirles e rechazalos con verbas indignadísimas... A culatazos e a puntapés destrózanos no patio da cadea.

Todol-os días, a total-as horas, teñen ocasión de cometer un crime... E van alá once meses...

Na rua de Panadeiras (na Coruña) había unha taberna. O dono foi detido e condenado a morte por non querer descubrir o paradeiro de dous fillos seus. Enteráronse os fillos de que ían fusilar ao pai e presentáronse... Non lles valeu o xesto. Fusilárono ao pai e aos fillos, e aínda enriba a outra filla, belida rapaza de vinteun anos que foi protestar d'aquela inominia.

(Os dous rapaces que temos diante non dan cabo... Por unhas cousas lembran outras... e agora xurden nomes e nomes; cada nome unha vítima d'un crime. E engaden : «Nin siquera se pode socorrer aos horfos e ás viudas d'esas vítimas. Dar unha codia de pan é, moitas veces, xogarse a vida».)

A Coruña é hoxe unha cidade morta. Non se traballa, non hai materias primas. Arruíñanse os comércios. Vai faltando o diñeiro. Ninguén quere os billetes de Burgos, que fixeron quebrar centos de casas. Non se traballa mais que na fábrica de tabacos e na de armas.

Longas «colas» de xentes famentas pasan horas e horas á porta dos cuarteis e comedores nazonal-sindicalistas agardando a que lles guinden unhas sobras.

O campo está deserto. Ninguén sementou. Falta xente que traballen. Moitos foron asesiñados. Outros fuxiron aos montes a loitar contra os feixistas. Hai pobos da provincia enteiramente valdeiros. Cunde a fame...

En troques, todol-os días chegan tres ou catro longos trens até o muelle... Grandes cantidades de millo, trigo, centeo, patacas, gando, son embarcadas pol-os da «Gestapo» — que mandan como na súa casa — en vapores que se perden no hourizonte camiño da Alemaña.

Alí quedanos a fame i a vergonzaza... Hai que seguir vendo a muros e lexionarios marxando á moza que lles gorenta... Centos de homes dignos foron asesiñados por non se mostraren dispostos a aturar tales aldraxes...

¿Mortos? ¡Cantos irán alá! Deica fin de maio calculábanse en mais de sete mil os homes fusilados samente na Coruña e no seu termo — e hai que engadir mais de trescentas mulleres.

E non levan camiño de rematar. Os Casteleiros — xastres da rua Real —, os socios de Club Náutico, os do Sporting, tópanlle gusto ao crime (sazoado coa cobardía). Axúdanlles patrullas que, en se presentando, xían o sangue dos veciños. Son capitáns de banda o crego de Maseda — Euxenio Barreiro —, o de Moneiros, e Touves — director, tamén crego, do periódico católico *El Ideal Gallego*. Este derradeiro tense mostrado fachendisco en púbrico de «haber mandado aos infernos a mais de seiscentos marxistas».

¡Con cregos así xa se pode xubilar San Pedro!

¡QUE NINGUÉN O SEPA!...

CONTO PORTUGUÉS

N'algún pequeno café lisboeta — encaixes diante do vidral, romor da rua amortecido — bisbiseábase este conto, sen que se soubera ben, non se fixando moito, de qué boca xurdiría... Filtrábase a través d'un caudaloso mostacho encobridor das verbas e da tenue sorrisa. Unha vez... Escoitaban os outros, vellos liberais — ilustres, anacrónicos... — poñendo cara d'ouvir falar do tempo.

...Unha vez era un barqueiro atravesando o Teixo na súa barca. E con él iba un home moi ben ataviado e grave, que metía respeto.

Estábase a urdir no ar unha catástrofe, según agoiraban solerminas rafeas, agora frías, agora quentes, e relumbres das augas e do ceo que tanto poden ser meles como venenos. Pechaba os ollos o sol; rosmaba inquedo, nervioso, o hourizonte.

E de súbito... Escacharon as nubes nun gran trono que foi ecoando a tombos pol-o espazo. Escuras, vagarosas cabalgadas, branden raios, desbaratan castelos aéreos, fan e desfán a cúpula de estouros. ¡Ouh!

A batalla do ceo, monte abaixo, a rolos, poñía xa en conflito os arbres, furiosos a se debateren con ventos contrarios e veleidosos remuíños, e espavilaba a presa das augas, alborizadas, frenéticas, como xentío espavorido.

A barca, a probe barca, tola e desmoralizada, corría xa cara ao mar... Unha onda grande, feita de discórdia, de río e mar en choque, ergueuse tendendo as poutas pol-o alto e caíu coraxuda sobre o probe baixel. No mesmo pulo rotatorio confundíronse peixes, barca, escumas, luces do día e brilos submariños.

O barqueiro era bô nadador. Atravesaba as ondas como un peixe espada, n'un bucio rectiliño. O outro subía e baixaba, según o capricho das augas, coa face cheia de terror — perecía un bebé a pique de chorar — e o ventre xa como un pandeiro. Perdeu o sentido...

Cando recordou topábase convertido en gárgola, e pudo ouvir ao barqueiro que dicía garimosamente: ¡Bote fora, señor, bote fora!...

Locía o sol — infante, xa de todo esquecido — e aboaban lonxe as táboas da barca desfeita.

Aquel home serio e ben vestido — agora mollado — debíalle a vida ao barqueiro. «Ven connigo», dixolle pensativo.

E alá foron os dous, anda, anda, pingando, até chegaren a un pazo, onde o señor sen responder ás preguntas dos seus servintes conternados, acariñou aos cans e dou ordres pedindo roupa seca.

Xa mudados e novos d'arriba a baixo, o señor fíxose acompañar pol-o barqueiro — que parecía agora un almirante — e despois de pasar por moitos corredores e misteriosas escadas — primeiro á dereita, despois á esquerda, adiante, arriba, abaixo... detívose para apretar un botón. Abreuse unha pesada porta dando entrada a unha cámara segreda — escura que metía medo. «Non teña medo» dixo o señor, e oprimen outro botón. Do teito da cámara descía agora unha luz tenra, como d'amañecer, e todo a redor de si o barqueiro sinteuse sulgrado por infindos destellos de ouro, prata, diamantes...

Non rematara aínda de se pasmar cando sinteu a man d'aquel señor pousada no seu hombreiro, familiar-

mente, e ouvía a súa voce, grave e firme como a d'un pai, a lle dicir: «Déboche a vida... De todo o que ves a redor teu podes levar o que mais che tire, e todo canto queiras». (Na outra man do señor tremelucían pingotas de lume verde, roxo, lívido...)

Asombrouse de vez o barqueiro e tardou en se faguer dono da súa gorxa. Primeiro xemen, por fin falou: «Señor, se non e moita ousadía... ¿querme dicir quen é vocé que pode así con tal fartura premiar o pequeno servizo d'este probe piloto de gamela?» E fíxo unha cortesía, a sorrir, como para se disculpar de ser tan ousado.

Daquela foi cando o señor, mudando a face, trocou a seriedade por outra aínda mais seria — francamente maxestosa — e dixo unha cousa simples, un nome, nada... ¡Pero qué nome! Dixo: «Eu son... Salazar Oliveira». E calou, pechou a boca.

¡O medo que lle entrou ao probe barqueiro! Estaba a tremar como si aínda non puxera a roupa seca. E marmulaba castañolando os dentes: «Señor... tac, tac, tac (este ruído era dos dentes)... d'aquela... tac, tac... o único que eu prego de vocé... ¡tatacat!... pol-os seus difuntiños... tac... é que non diga a ninguén que fun eu quen o salvei...»

O señor non entendía. Despechóuselle a boca. Caíronlle da man as pingotas de lume... Cando empezou a enxergar o que viña d'ouvir, xa estaba lonxe o barqueiro, talvez a se despojar nun alpendre do traxe d'almirante. Saíra a correr, tropeizando con todo, rompera un busto d'escaiola, recollera a súa roupa de barqueiro que estaba a secar na cociña, e non quedara outro sino do seu paso que os oubeos dos cans e o desconcerto dos criados.

Félix MURIEL

¡LOITO NA NOSA TERRA!

(Sigue a lista dos fusilados. Véxanse números anteriores de NOVA GALIZA.)

Ribadeo :

Rafael Pérez Alexandre, capitán de carabineros.

Jesús Pernas, carabineiro.

Antonio Navarret García, mariñeiro.

Enrique Navarret García, mariñeiro.

Santiago Fariñas, industrial.

Salvador González Conde, ex concellal.

Bruno Rodríguez, «El Barquillero», industrial.

Antonio M.^a Fernández, Presidente da Xuventude Socialista de Villafra-mil.

Viriato Campoamor García.

Ramón Fernández, fillo de Rosario.

José M.^a Díaz, «Meco».

Pedro Rodríguez, «Rulo», Presidente de la Sociedad de Peones.

Jesús Magín.

El Rafles.

Custodio Domínguez, Delegado de Mariña.



El día 2 de agosto ingresaba como miliciano en las Milicias gallegas este aguerrido camarada coruñés, José Luis Vidal. Su historia de combatiente se une de tal modo a la del Batallón Gallego — hasta la fecha reciente en que fué herido —, que en cuanto le hemos preguntado algo sobre su biografía militar — desde soldado a capitán — eludió con inequívoca modestia azares personales y, como si narrase su propia vida, nos dijo a grandes rasgos el proceso de las Milicias gallegas del sector del centro. Su relato es escueto, sobrio, como diario de guerra de un combatiente — y de él son transcripción estas notas —, pero aun recordamos las leves modulaciones de su acento y el enjuto calor de sus palabras cada vez que señalaba alguna hazaña de nuestro batallón. Apenas queda en estas notas, tomadas al vuelo, más que un itinerario de fechas, pero, ¡son tan significativas las fechas para quien de veras las ha vivido!

EL PARTIDO GALLEGUISTA ORGANIZA LAS MILICIAS

Inmediatamente de estallar la sublevación militar fascista, el Partido Galleguista organizó sus Milicias. Rápidamente se constituyó un Batallón. Cada gallego se convertía en el acto en un miliciano dispuesto a la lucha por la liberación de su país. El Batallón estaba mandado por el militar capitán de Infantería Manuel López Iglesias, y su comisario político era Santiago Alvarez.

El frente exigía todas las fuerzas organizadas, todas las voluntades propicias, todo el entusiasmo combativo. Y el Batallón Gallego partió para el frente de Maqueda-Jerindote-Torrijos. Desde este instante, hasta hoy, en cada lugar y en toda ocasión pudo manifestar su organización, su voluntad, su entusiasmo.

EL HEROÍSMO SUPERA LAS DEFICIENCIAS TÉCNICAS

Con escasos fusiles para 600 hombres — un Batallón mal dotado, como lo estaban tantos por entonces — entra en fuego. El combate somete a prueba la resistencia y el valor. Hasta el punto que una compañía, que estaba de vigilancia en la retaguardia, provista tan sólo de bombas de mano, se incorporó espontáneamente a la primera línea, donde, con sólo las bombas, permaneció seis horas. Pero la retirada fué forzosa. Más tarde, el Batallón Gallego se mantuvo en el frente de Olías-Vargas-Cabañas, contribuyendo a contener el avance fascista sobre Toledo.

En septiembre, el Batallón Gallego se incorporó al 5.º Regimiento, mandado por Lister. Con la 1.ª Brigada Mixta fué a Alcalá de Henares, donde procedió a reorganizarse y realizó prácticas de instrucción.

Al Batallón fué incorporada una compañía de ametralladoras, mandada por el capitán Sabio, compañía integrada hoy en su totalidad por gallegos. En Alcalá le fué impuesta la estrella de Comandante a López Iglesias.

DE NUEVO EN EL FRENTE

De Alcalá de Henares, el Batallón se trasladó al frente de Seseña. Antes fué preciso cubrir un avance de 12 kilómetros, desde San Martín de la Vega. En Seseña, las fuerzas de Franco atacaron con toda clase de elementos bélicos. Durante tres días, nues-

Notas para la historia del BATALLON GALLEGO



tro Batallón, no muy bien provisto y escaso de hombres, contuvo el avance enemigo. La artillería actuó intensamente. Los cañones llegaron a disparar a cero, tan próximos estaban los contendientes. Nuestra artillería era del 7 1/2; la fascista, del 15 1/2. Pero nuestras municiones de artillería se acaban. La retirada es forzosa. Se procede en orden. López Iglesias tiene que destacarse.

El tercer día aparece por el flanco derecho una columna enemiga. Sin duda viene equivocada, creyendo a nuestro Batallón de los suyos. Tres escuadrones de caballería, tanques, tropas moras. El Batallón gallego antifascista se encarga de deshacer la confusión.

FRENTE DE VALDEMORO

La guerra alcanza en este frente proporciones de inmensa dureza. El enemigo presiona impetuosamente. Las bajas son, por ambas partes, numerosas. Entre nuestros muertos, el capitán y dos tenientes de la compañía de Vidal. Este asume el mando de la compañía.

En Morata de Tajuña, el Batallón dispone de un día para reorganizarse. Morata de Tajuña, Berales del Río, trincheras de Cerro Rojo... Cada posición señala el heroísmo de los combatientes gallegos.

Arganda. El Batallón hace un alto fugaz para descansar y se incorpora a la Brigada Lister.

EN LAS LUCHAS DE MADRID...

Los fascistas amenazan Madrid. Por todas partes Franco codicia la ciudad y concentra hombres y material — no importan la nacionalidad ni la procedencia — en abundancia.

Uno de los sitios por donde los ejércitos fascistas presionan es Villaverde Bajo. El Batallón Gallego, con la Brigada, se dirigen a Entrevías. Al enemigo se le contiene primero. Luego se le bate. Y se le rechaza hasta Villaverde Alto.

Los héroes se producen en cada combate. En estas actuaciones se destacó como lanzabombas el miliciano José García («Coruña») y fué ascendido a teniente; hoy es capitán. Vidal asciende también a capitán.

¡Jornadas heroicas éstas de la defensa de Madrid! El Batallón Gallego no las olvidará jamás.

NUEVA ETAPA

El Batallón Gallego se dedicó a intensos trabajos de fortifica-

ción y atrincheramiento. La Brigada se incorpora al Ejército Popular; con ella, el Batallón. Carmona pasa a jefe del Batallón; Iglesias, a jefe de la 1.ª Brigada.

¡UN DÍA GRANDIOSO!

Así, con emoción, llama el camarada capitán José Luis Vidal, a aquel día de guerra en el Jarama...

En el mes de marzo. Un ataque alemán. El enemigo avanza como una montaña de plomo. El cielo está cubierto de aparatos. 122 aviones, mitad por mitad; nuestros y de ellos... Arrojan bombas desde lo alto. Descienden veloces los cazas, ametrallando sin tregua. Se persiguen. Atacan. Ascienden otra vez.

Abajo, pegados a la tierra, los soldados del Batallón Gallego disparan sus fusiles que abrasan de no descansar.

La artillería dispara sin interrupción.

El enemigo sale de sus trincheras. Se dispone a coronar su ofensiva. Pero el Batallón Gallego lo hace retroceder, lo acorrala contra ellas y conquista las trincheras fascistas.

La victoria fué grande. Pero hubo de pagarse cara. El Batallón Gallego perdió a su comandante, Carmona; al teniente ayudante, Teodoro González; al teniente de ametralladoras. Resultaron heridos los capitanes Ramiro Martínez, José Gómez Allero, y de gravedad, con un balazo que le atraviesa los hombros, el capitán Luis Vidal.

TOLEDO

En el frente de Toledo, el Batallón Gallego conquistó el pueblo de Argés, distante medio kilómetro de la capital. El enemigo sufrió una tremenda derrota. Se conquistaron 15 ametralladoras, pistolas, máquinas de retratar... Los lanzabombas avanzaban con ímpetu. «¡Viva Galicia!» 400 cadáveres abandonados por el enemigo...

OTRO DÍA HEROICO

El comandante López Iglesias fué ascendido a jefe de Estado Mayor de la 11 División. Por bajas de capitanes, el teniente Valentín González ascendió a comandante en el Jarama.

En Argés sufrió el mando tres heridos.

Tres tenientes más cayeron aún: Eduardo Núñez, Manuel Vila, Miguel Fernández. Heridos: Frascuet, Ruiz, García, Espiña, Soto, Castro, Fuentes, Estévez...

Pero el Batallón Gallego se ha templado en la dureza de la lucha y en el sacrificio que impone. Cada combate y cada camarada caído han redoblado en el Batallón la voluntad de vencer, ha estrechado aun más a los hombres que lo integran, ha fortalecido el entusiasmo de cada uno y el de todos. Cada día es más fuerte, más potente, más seguro en la garganta de cada combatiente el grito de guerra en Olías y en el Jarama, en Madrid y en Toledo: «¡Viva Galicia!» El grito de guerra que es, también, el grito del triunfo total, sobre el fascismo devastador, que asola de las montañas al mar Galicia entera.

Saludo de «GALICIA»

Uno de los periódicos de más prestigio en Buenos Aires — honra de nuestra tierra en la Argentina — ha saludado la aparición de NOVA GALIZA con una cordialidad inequívoca, hondamente recompensadora. Reproducimos con fraternal orgullo el saludo de Galicia a nuestro boletín:

«NOVA GALIZA»

Nos han llegado los dos primeros números de este boletín quincenal de los escritores gallegos antifascistas, que comenzó a publicarse con fecha 5 de abril, en Barcelona.

Con decir que sus puestos de mando los ocupan pilotos tan avezados como Castela, Dieste y Picallo, nos ahorraremos comentarios mayores. Pero no se trata de enlazar unas cuantas galanterías majaderas al uso, destinadas a vanidades y satisfacciones de una nueva publicación. NOVA GALIZA es mucho más. Es, por lo pronto, la primera publicación gallega que ve la luz en la península después del atraco de julio; la primera vez, luego del secuestro de Galicia, que nuestro país nos habla desde allá con lo auténtico de sus voces. En este interludio de espantosas mudanzas, nos fué dada a nosotros la honra grande de la continuidad. Hasta ahora Galicia, que empieza a hablarnos de nuevo, al amparo de la fraternidad de Cataluña, no tuvo otra voz que la nuestra, la de los emigrados. Y no era el menor de nuestros dolores el sentir cómo nuestro grito se hundía en fosas lejanas sin resonancia, en horizontes turbios de eco perdido. En tantos años de lucha por la verdad gallega no nos habíamos acostumbrado todavía a la plena manumisión de nuestra prédica, que necesitaba, de vez en cuando, la advertencia rectora y aun la fricción polémica, el sofisma o la aprobación de quienes allá batallaban por lo mismo, sirviéndonos de acicate o de freno, de estímulo o de dique, pero siempre como punto referencial para tender las coordenadas de la propia obra, ajustadas a matices diversos impuestos por la misma diferencia del medio.

Vuelve hoy a nosotros Galicia, en el mensaje de NOVA GALIZA, y un aliento grande, como de respiración contenida, nos llena de nuevo el pecho. Estas hojas, temblorosas de dolor y de rabia, vienen con su trallazo a sacudir nuestra sensibilidad, agotada casi a fuerza de dolor ausente. Pero por debajo del dolor de su drama patente, advertimos el calor de las manos fraternas y en su apretón se cruzan, renovados, viejos juramentos que se actualizan en este trance de espanto para nuestra Patria gallega.

Bienvenida NOVA GALIZA, mensajera enlutada con los lutos todos de la muerte, del desprecio, del escarnio en que los asesinos han hundido a nuestra tierra; pero mensajera igualmente de una esperanza grande, jurada otra vez sobre tanta ceniza, y de una fe sacramentada ya para siempre en este juramento que cada día nos hacemos a nosotros mismos, so-

bre la frente rota de nuestros mártires.

La Galicia que queríamos «célula d'universalidad» mediante la vagorosa y lenta acción creadora de su cultura, se nos ha revelado como tal entre las llamas de la tragedia. Galicia ingresa en lo más ardiente y válido de la historia contemporánea, llevada de la mano de sus muertos. Galicia antifascista: célula de universalidad. Galicia está ocupada también en tejer un mundo nuevo para el mundo. Los muertos lo dictan con sus bocas llenas de pólvora y tierra. Y nosotros, desde estas trincheras de papel, pregonamos su testamento, mientras no llegue el instante, que llegará, de pregonarlo también con la sangre.

La ayuda de América a la República Española

ARGENTINA

SE RECAUDAN MILES DE PESOS Y GRANDES CANTIDADES DE VÍVERES PARA EL PUEBLO ESPAÑOL

En toda la República Argentina existe un movimiento invencible en favor del pueblo español.

Este movimiento se intensifica, se profundiza y se eleva por momentos.

En todas las ciudades, pueblos y aldeas se han creado Juntas de Ayuda a España, grupos de Amigos de España, comisiones femeninas Pro Ambulancia y Comités del Frente Popular.

En los más apartados lugares de los más escondidos rincones de la Argentina late y vibra el afecto, el amor a la República española; por toda aquella tierra se extiende el sentimiento de solidaridad.

Sociedades y partidos políticos realizan una activísima propaganda en favor del pueblo español, y organismos y comisiones organizan actos con el fin de recaudar fondos con destino a la República española. El Frente Popular lleva recolectados hasta la fecha más de 100.000 pesos, y también ha recaudado una elevada suma el Patronato Español, que sigue su labor organizando beneficios, veladas y toda clase de festivales.

Se han recaudado fondos pro ambulancia, pro víctimas, pro víveres y pro huérfanos.

URUGUAY

EN MONTEVIDEO SE ACUERDA INTENSIFICAR LA AYUDA MATERIAL AL PUEBLO ESPAÑOL

Montevideo. — Los republicanos españoles residentes en esta ciudad organizaron un acto en favor de sus compatriotas que sufren los ataques desatados del fascismo internacional. Resultó brillantísimo. En él se acordó intensificar en todo lo posible la ayuda material al pueblo español y, también, que se «boicoteen» los productos de procedencia portuguesa, italiana y alemana, así como la prensa, radio y comercio españoles que difunden al pueblo español.

Casa d'Assistència President Macià Imprenta



GALLEGOS DE PRIMERA LÍNEA

¡Como lo aclamarían al llegar a Santiago aquellos camaradas del tiempo estudiantil, si los más nobles no hubiesen ya sucumbido bajo la ciega ferocidad del fascismo! El Comandante Pando, que cursó en aulas compostelanas la carrera de médico, ejerce hoy con gran amor y enérgica virtud la de soldado... (Un soldado de primer orden, de cuya camaradería —, conciliada con las máximas dotes de mando y de organización — se felicitan todos los que combaten a su lado.)